

Programa de
detección precoz
nas escolas
infantís
0-3

Guía de actividades

Coordinación
Xaime Ponte
Jose Cardama

Comisión Técnica
Luisa Fernanda Aris
Saloa Arrugaeta
Teresa Busto
Concepción Cendón
Elisa Martínez
Marta Rodríguez

Colaboracións
Mariola Fernández
María A. Muñoz

Deseño e Maquetación
Jose Manuel García Ramos
jose@indicalo.com

2007 © agat (asociación galega de atención temperá)
Carmen 39-41, 15402 Ferrol ; 691448981/82/83
agat@atenciontemprana.com
www-atempo.com.es

Dep. Legal:
C-1732-2007



SUMARIO

Presentación	5
Escolas	7
Unidades e quendas	8
Axenda	9
Participantes	10
Guía de actividades	13
Detalle da etapa presencial	26



PRESENTACIÓN



a_tempo

Programa de detección precoz
nas escolas infantís

Educamos en igualdade

O ciclo educativo 0-3 é parte dunha etapa fundamental na vida dunha crianza. Para o neno ou a nena significa, por exemplo, o seu primeiro achegamento educativo ao mundo das relacións cos iguais, cos alimentos ou coas actividades en grupo. Educar para a vida e o exercicio da cidadanía a través do xogo, da emoción, do contacto, das formas, das cores ou das primeiras palabras son parte dos obxectivos básicos desta etapa educativa.

A rede galega de escolas infantís, as galescolas, son un espazo para medrar en igualdade, para compartir, para educar os galegos e as galegas do futuro. Son escolas abertas ás novas tecnoloxías, á novación pedagóxica, orgullosas da súa identidade e integradoras das diferenzas. Un proxecto ambicioso como este ten o seu soporte máis importante na translación da calidade á práctica cotiá.

O programa que a continuación se detalla, e que forma parte do Plan de mellora e calidade da educación infantil, é un pilar destacable desta práctica. Grazas á colaboración conxunta entre a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá, os educadores e as educadoras da rede de galescolas disporán dunha ferramenta que lles permita detectar a tempo problemas que co paso dos anos poden supoñer trastornos graves nos rapaces e rapazas.

A educación é un dos piares básicos da nosa sociedade, traballar a tempo coas diferenzas garantirá a igualdade de trato e oportunidades.

Carme Adán
Secretaría Xeral da Igualdade

NAS ESCOLAS

a_tempo é un proxecto de formación e investigación cuxo obxectivo é a implantación dun sistema de cribado do desenvolvemento nas escolas infantís de Galicia. Para este proxecto resulta crucial a colaboración das familias, dos/as educadores/as e dos/as directores/as das escolas infantís, especialistas en atención temperá e técnicos/as da administración pública.

O escenario principal do proxecto é, como xa queda dito, a escola infantil. En total son 25 as escolas públicas, dependentes da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia onde se vai desenvolver o programa. Cada escola ten asignado un código para a súa identificación.

Escolas	
G01 E.I. 0-3 "VIRXE DO CHAMORRO" G02 E.I. 0-3 "CATABOIS" G03 E.I. 0-3 "ELVIÑA" G04 E.I. 0-3 "O VENTORRILLO" G05 E.I. 0-3 "STA.Mª DE OZA" G06 E.I. 0-3 "SANTA SUSANA" G07 E.I. 0-3 "AS MARIÑAS" G08 E.I. 0-3 "VITE".	G17 E.I. 0-3 "DE MARIN" G18 E.I. 0-3 "CAMPOLONGO" G19 E.I. 0-3 "O TOXO" G20 E.I. 0-3 "MARISMA STA. MARIÑA" G21 E.I. 0-3 "RELFAS" G22 E.I. 0-3 "ROSALÍA DE CASTRO" G23 E.I. 0-3 "CABRAL CAEIRO" G24 E.I. 0-3 "BOUZAS" G25 E.I. 0-3 "A ESTRELA"
G09 E.I. 0-3 Nª.SRA.PURIFICACIÓN. G10 E.I. 0-3 Nª SRA. DO CAMPO G11 E.I. 0-3 Nª SRA SGDO.CORAZÓN G12 E.I. 0-3 "PARADAI" G13 E.I. 0-3 DE CELEIRO	G14 E.I. 0-3 "A FARIXA" G15 E.I. 0-3 "ANTELA" G16 E.I. 0-3 "VIRXE COVADONGA"

NAS UNIDADES

Cada escola infantil conta con diferentes unidades: 0-1, 1-2 e 2-3. Cada unha destas unidades ten 8 nenos e nenas (0-1), 13 (1-2) e 20 (2-3). Esta é a norma habitual porque hai excepcións. Hai algunhas unidades 0-2 ou 1 ½ -3. Tamén pode haber variacións no número de nenos e nenas. En todo caso a programación xeral está feita pensando nas unidades regulares. Estas unidades tamén teñen un código de identificación.

Unidade 0-1:	1
Unidade 1-2:	2
Unidade 2-3:	3

Cando nunha escola teñamos varias unidades do mesmo tipo a identificación realízase co número complementario da quenda da que forme parte.

Exemplo

1 Unidade 0-1,	Escola con 2 Unidades 1-2	e 3 Unidades 2-3:
0-1: 1	1-2: 1A - 1B	2-3: 1A - 1B - 1C

TRES QUENDAS

Para compaxinar a actividade ordinaria da escola co Programa *a_tempo* a súa etapa presencial vaise desenvolver en tres fases ou quendas:

Quenda A – setembro a decembro 2007

Quenda B - xaneiro a abril 2008

Quenda C - setembro a decembro 2008

En cada quenda participarán diferentes unidades, e sempre se tratará de que sexan unidades de idades diferentes. A *distribución típica* (para unha escola de 7 unidades) será a seguinte:

Quenda	0-1	1-2	2-3
Quenda A - setembro a decembro 2007	0	1	1
Quenda B - xaneiro a abril 2008	1	1	1
Quenda C - setembro a decembro 2008	0	1	1

A PREVISIÓN DE ACTIVIDADES

O programa segue unha serie sucesiva de fases:

2006	Deseño do proxecto e selección de instrumentos
2006	Constitución da Comisión Técnica
2006	Presentación
2007/01	Enquisa aos/ás directores/as e aos/ás educadores/as
2007/02	Selección de titores/as
2007/02	Constitución da Comisión de Coordinación
2007/03	Formación de titores/as
2007/05	Formación de educadores/as
2007/07	Envío materiais ás escolas
2007/09	Quenda 1
2008/01	Quenda 2
2008/09	Quenda 3
2009/06	Avaliación
2009/12	Edición informes

A COMUNIDADE FORMATIVA

As partes principais do programa **a_tempo** son as familias, os/as directores/as, os/as educadores/as e os/as titores/as. A vontade do programa é poñer todos os medios posibles para facilitar que traballen xuntos/as, que intercambien os seus coñecementos e que utilicen a súa formación e a súa experiencia na aplicación da instrumentación do programa. Ao final das quendas, a través das memorias e dos grupos focais, extraeranse as ideas e conclusións que serán determinantes na proposta da implantación do programa de cribado.

A DIRECCIÓN DAS ESCOLAS

Á dirección das escolas correspóndelle a realización do diagnóstico cualitativo da situación das escolas ao respecto dos procedementos de detección e atención aos nenos e ás nenas con NEE así como expoñer os puntos fortes e débiles destes procesos e as propostas de mellora.

Dirixirán os procesos de contacto e relación coas familias en todo o que atinxe á explicación do programa e á inserción nas actividades ordinarias da escola.

Realizarán a selección das unidades que van participar nas diferentes quendas.

Organizarán e realizarán, coa colaboración dos/as titores/as os procesos de puntuación e interpretación dos cuestionarios PEDS ás familias.

Colaborarán coas/cos titoras/es nos grupos focais de avaliación do programa e informarán ás familias dos resultados dos procedementos de cribado



OS/AS EDUCADORES/AS

Os/as educadores/as das escolas infantís son a parte chave do programa pola súa conexión coas familias e o coñecemento da actividade cotiá dos nenos e das nenas.

Expoñerán, a través dunha enquisa, a súa valoración da realidade das escolas ao respecto da detección, atención e coordinación con outros servizos no que lles atinxe aos nenos e ás nenas con NEE e que servirá de base para a avaliación posterior do programa.

Realizarán un curso de formación nos aspectos teóricos dos programas de cribado seleccionados, particularmente no que se refire aos cuestionarios para educadores/as.

Realizarán a observación do desenvolvemento dos nenos e nenas da súa unidade e propoñerán cales, ao seu xuízo, deben ser obxecto de procedementos formais de cribado.

Aplicarán os instrumentos de cribado ASQ nas súas unidades e contarán co apoio e coa supervisión dos/as titores/as para calquera dúbida na utilización, interpretación e puntuación, ata alcanzar a capacitación que lles permita a súa aplicación autónoma.

Participarán nos grupos focais e nos procesos de avaliación do programa.

AS FAMILIAS

Convidarase ás familias a coñecer e participar activamente no programa.

Darán o seu consentimento informado e comunicarán as súas perspectivas e opinións a través de formularios de opinión e avaliación.

Recibirán, dun xeito anticipado, a información que requiran sobre os procedementos que se van realizar.

Recibirán un informe no que se resuman os resultados dos procesos de observación e cribado e, de ser o caso, as orientacións que se lles propoñan.

Contarán con procedementos de intervención e participación no curso do programa.



OS/AS TITORES/AS

Cada escola da rede galega dependente da Xunta de Galicia terá asignado/a un titor ou unha titora especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.

Na selección de titores/as utilizaranse criterios de experiencia profesional, titulación, formación continua, coñecemento das escolas infantís, experiencia de traballo en equipo, experiencia docente, proximidade física e coñecemento do ámbito da escola infantil na que vaia estar asignado.

Os/as titores/as seleccionados/as realizarán un curso de formación dirixido á homoxeneización de criterios e procedementos.

Cada titor/a estará asignado/a a unha escola onde realizará funcións de formación progresiva, apoio e supervisión na utilización dos instrumentos de cribado.

En cada quenda o/a titor/a apoiará o traballo de dúas, ou máximo tres, unidades da escola ata completar a formación de todas as unidades. Este apoio realizarase mediante asistencias técnicas semanais ás escolas e ás unidades seleccionadas durante un período mínimo de 12 semanas.

OS RECURSOS DE APOIO

AGAT colaborará no desenvolvemento cotián do programa coa achega da instrumentación e apoio por medio dunha comisión técnica formada por un equipo interdisciplinario especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá. O equipo estará accesible para consulta:

- **A través da Intranet da páxina web do programa *a_tempo*:**

<http://www.atempo.com.es>

Dentro da intranet haberá un espazo FAQ que tratará de lles dar respostas ás preguntas máis frecuentes, un espazo para lle realizar consultas á Comisión Técnica e un foro de opinión.

- **A través dos teléfonos de asistencia técnica do programa**

691448981 / 691448982 / 691448983/

- **A través dos correos electrónicos**

Recursos

agat@atenciontemprana.com

Consultas

comisiontecnica@atenciontemprana.com

GUÍA DE ACTIVIDADES



Desenvolvemento do programa nas escolas (Corresponde á FASE III DO PROGRAMA)

A fase tres do programa *a_tempo* comprende as seguintes etapas:

- Etapa preparatoria
- Etapa presencial
- Etapa de avaliación na escola

ETAPA PREPARATORIA

Ten como obxectivo facilitar a comprensión dos fins do programa e o coñecemento da instrumentación, das técnicas e dos procedementos que se van utilizar ao longo da quenda presencial.

Diríxese en primeiro lugar aos/ás educadores/as das escolas infantís mais tamén tratará de divulgar o programa entre os sectores sociais e profesionais máis vinculados á etapa 0-3: asociacións, entidades, equipos educativos, de servizos sociais, de saúde, de atención a menores, de valoración, educación familiar, etc.

Consta de tres módulos

A - Curso provincial, centralizado para todas as escolas de cada provincia e para todos/as os/as educadores/as incluídos/as na quenda. A cargo da Comisión Técnica. Duración 5 horas.

Contidos

- O programa *a_tempo*: obxectivos e fases.
- Instrumentación.
- Administración, interpretación e puntuación.
- Experiencias e recomendacións de uso.

B - Curso local, descentralizado nas diferentes escolas de cada provincia e para os/as educadores/as desas escolas incluídas na quenda. A cargo do/a titor/a da escola coa colaboración da dirección. Duración 3 horas.

Contidos

- O rol do/a titor/a no Programa *a_tempo*.
- Experiencia e realidade da escola infantil.
- Aplicación do programa na escola.

C - Xornada galega de divulgación, concibida como lugar de encontro con outros servizos da comunidade implicados na atención 0-3. A Xornada en si será a culminación dunha campaña de información social sobre o programa.

As etapas preparatorias desenvolveranse con antelación ao inicio da quenda en datas por determinar nos meses seguintes:

- Maio/xuño 2007 para a quenda A.
- Decembro/xaneiro 2008 para a quenda B.
- Maio/xuño 2008 para a quenda C.



ETAPA PRESENCIAL

A través da observación das familias e dos profesionais e mediante a utilización de probas estandarizadas tratarase de crear un espazo de colaboración entre as familias e as escolas para realizar un seguimento máis próximo e rigoroso do desenvolvemento, co que se facilitará que a detección, avaliación e intervención precoz se realicen a tempo.

Ao longo da etapa presencial recollerase información das familias (PEDS), dos/as educadores/as (Observación) e de probas estandarizadas (ASQ) co obxecto de se afacer a estes procedementos e investigar como se poden utilizar do xeito máis eficaz.

Tendo en conta a necesidade de conciliar as tarefas socio-educativas coas prácticas formativas realizaranse, como xa queda dito, en tres quendas diferentes (*ver páxina 6*). Así mesmo, para se adaptar á existencia dun número de unidades diferentes en cada escola, cada quenda na escola implicará un número de unidades distintas. Normalmente as quendas serán de dous tipos:

Quenda tipo 1+1+1: 0-1 (8) + 1-2 (13) + 2-3 (20) = 41 nenas e nenos.

Quenda tipo 0+1+1: 1-2 (13) + 2-3 (20) = 33 nenas e nenos.

ETAPA DE AVALIACIÓN

Ao finalizar cada quenda presencial o grupo profesional formado en cada escola e as familias participantes realizarán unha avaliación formativa da experiencia e dos resultados obtidos.

Esta avaliación utilizará dous tipo de instrumentos:

Colectivos

- Grupos focais compostos polos/as educadores/as, os/as directores/as e os /as titores/as de cada escola e que poderán contar coa presenza dun avaliador ou avaliadora da Comisión Técnica do programa.
- Enquisas ás familias.
- Enquisas a educadores/as.

Individuais

- Memorias dos/as educadores/as.
- Memorias dos/as directores/as.
- Memorias dos/as titores/as.

DETALLE DE ESCOLAS E QUENDAS

A CORUÑA

Escola	Lugar	Quenda 1	Quenda 2	Quenda 3
Chamorro	Ferrol (0+1+2)	0+1+1	0+0+1	
Catabois	Ferrol (2+2+2)		1+1+1	1+1+1
As Mariñas	A Coruña (1+1+2)		0+1+1	1+0+1
Elviña	A Coruña (1+3+3)	0+1+1	1+1+1	0+1+1
Oza	A Coruña (1+1+2)	0+1+1	1+0+1	
Santa Susana	Santiago (2+2+2)		1+1+1	1+1+1
Ventorrillo	A Coruña (1+3+3)	0+1+1	1+1+1	0+1+1
Vite	Santiago (3+3+3)	1+1+1	1+1+1	1+1+1

LUGO

Escola	Lugar	Quenda 1	Quenda 2	Quenda 3
Celeiro	Celeiro (0+0+1)			0+0+1
N Sra Campo	Ribadeo (1+2+2)	0+1+1	1+1+1	
V. Purificación	Foz (1+1+2)		0+1+1	1+0+1
Paradai	Lugo (2+3+3)	0+1+1	1+1+1	1+1+1
S. Corazón	Lugo (1+2+3)	0+1+1	0+1+1	1+0+1

OURENSE

Escola	Lugar	Quenda 1	Quenda 2	Quenda 3
A Farixa	Ourense (1+3+2)	0+1+1	0+1+1	1+0+1
Antela	Ourense (3+3+3)	1+1+1	1+1+1	1+1+1
V. Covadonga	Ourense (1+2+3)	0+1+1	0+1+1	1+0+1

PONTEVEDRA

Escola	Lugar	Quenda 1	Quenda 2	Quenda 3
Bouzas	Vigo (1+2+3)	0+1+1	0+1+1	1+0+1
Caeiro	Vigo (3+2)		2+1	1+1
Campolongo	Pontevedra (1+3+3)	0+1+1	1+1+1	0+1+1
A Estrela	Vigo (1+1)	1+1		
Marín	Marín (0+1+1)			0+1+1
Marismas	Redondela (1+2+3)	0+1+1	0+1+1	1+0+1
O Toxo	Pontevedra (1+3+3)	0+1+1	1+1+1	0+1+1
Relfas	Vigo (1+2+2)	0+1+1	1+1+1	
R. Castro	Vigo (1+3+3)	0+1+1	1+1+1	0+1+1
	Totais	18	22	20

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 2 Semana 1</p>	<p>5.- Puntuación e 1º cribado (PEDS) Puntuación Anotación e puntuación PEDS Clasificación 5 grupos PEDS: A (+), B (+), C (+-) D (-), E (-)</p> <p>1º cribado A-B (C)= 20-30% = 7-10 nenas e nenos</p>	<p>Director/a + Titor/a</p>
<p>Semana 2</p>	<p>6.- Familiarización Unidade 2 Observación unidade Anotacións</p>	<p>Educador/a + Titor/a</p>
<p>Semana 3</p>	<p>Unidade 3 Observación unidade Anotacións</p>	<p>Educador/a + Titor/a</p>
<p>Semana 4</p>	<p>7.- 2º Cribado (ASQ) 2 nenos/as do grupo detectado no PEDS 1 da Unidade 2 1 da Unidade 3 Orden: A,B,F (en cada grupo ordenar por idade) Pasar cuestionario ASQ Supervisión- Tutoría Puntuación Cubrir ficha</p> <p>8.- Orientación Positivos (orientación, derivación, informes, apoios) → Dubidosos → Negativos →</p>	<p>Educador/a Educador/a+Titor/a 1 h. Unidade 2 1 h. Unidade 3</p> <p>Director/a Derivación AV Seguimento e apoio -----</p>

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 3 Semana 1</p>	<p>Continuación Cribado (ASQ) 2 nenos/as do grupo detectado no PEDS 1 da Unidade 2 1 da Unidade 3 Orden: A,B,F (en cada grupo ordenar por idade) Pasar cuestionario ASQ Supervisión- Titoría Puntuación Cubrir ficha</p> <p>8.- Orientación Etc.</p>	<p>Educador/a Educador/a+Titor/a 1 h. Unidade 2 1 h. Unidade 3</p> <p>Director/a Derivación AV Seguimento e apoio</p>
<p>Semana 2</p>	<p>Continuación Cribado (ASQ) 2 nenos/as do grupo detectado no PEDS 1 da Unidade 2 1 da Unidade 3 Etc.</p> <p>8.- Orientación Etc.</p>	<p>Ídem</p>
<p>Semana 3</p>	<p>Observación dos/as educadores/as</p> <p>Grupo F (elixido polos/as educadores/as)</p> <p>Continuación Cribado (ASQ) 2-4 nenos/as do grupo detectado no PEDS ou educadores/as</p> <p>1-2 da Unidade 2 1-2 da Unidade 3 Etc.</p> <p>8.- Orientación Etc.</p>	<p>Ídem</p>
<p>Semana 4</p>	<p>Continuación Cribado (ASQ) 2-4 nenos/as do grupo detectado...</p> <p>1-2 da Unidade 2 1-2 da Unidade 3 Etc.</p> <p>8.- Orientación Etc.</p>	<p>Ídem</p>

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 4 Semana 1</p>	<p>9.- Cribados para a certificación do curso 2 Cribados a iniciativa educador/a Pasar cuestionario ASQ Supervisión-Titoría Puntuación Cubrir ficha</p>	<p>Educador/a Educador/a+Titor/a</p>
<p>Semana 2</p>	<p>10.- Entrevista de despedida Grupo focal</p> <p>2º cribado 7-10% nenos e nenos risco=2-3</p>	<p>Director/a Educador/a Titor/a</p>
<p>Semana 3</p>	<p>11.- Devolución ás familias Entrega informes</p> <p>12.- Memoria Elaboración de memorias e enquisas de avaliación</p>	<p>Director/a Educador/a Titor/a</p>



DESENVOLVEMENTO TÍPICO DUNHA QUENDA 1+1+1

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 1 Semana 1-2</p>	<p>1.- Inicio Elabora a relación correlativa de nenos e nenas participantes</p> <p>Entrega ás familias os sobres: 1. Folleto explicativo do programa 2. Consentimento informado 3. PEDS, formulario de respostas 4. Carta convocatoria reunión</p> <p>1.b.- Formación do grupo escolar * Presentación do/a titor/a na escola e curso segundo se expón na etapa preparatoria * Na primeira quenda o grupo formarase con antelación no mes de Maio de 2007</p>	<p>Director/a Inicio programa</p> <p>Director/a Educadores/as Titor/a</p>
	<p>2.- Incorporación do/a titor/a Presentación do/a titor/a na escola Comproba materiais Organiza expedientes Cubre fichas identificación</p>	<p>Titor/a</p>
<p>Semana 3</p>	<p>3.- Reunión coas familias Explicación do programa Cubrir/axudar PEDS</p>	<p>Director/a Educador/a Titor/a</p>
<p>Semana 4</p>	<p>4.- Recollida dos formularios de respostas das familias (todo o mes)</p>	<p>Director/a Educador/a</p>

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 2 Semana 1</p>	<p>5.- Puntuación e 1º cribado (PEDS) Puntuación Anotación e puntuación PEDS Clasificación 5 grupos PEDS: A (+), B (+), C (+-) D (-), E (-)</p> <p>1º cribado A-B (C)= 20-30% = 8-12 nenas e nenos</p>	<p>Director/a + Titor/a</p>
<p>Semana 2</p>	<p>6.- Familiarización Unidade 3 Observación unidade, anotacións Unidade 2 Observación unidade, anotacións</p>	<p>Educador/a + Titor/a</p> <p>Educador/a + Titor/a</p>
<p>Semana 3</p>	<p>Unidade 1 Observación unidade, anotacións</p>	<p>Educador/a + Titor/a</p>
<p>Semana 4</p>	<p>7.- 2º Cribado (ASQ) 2 nenos/as do grupo detectado no PEDS 1 da Unidade 1 ou 2 1 da Unidade 3 Orden: A,B,F (en cada grupo ordenar por idade) Pasar cuestionario ASQ Supervisión- Titoría Puntuación Cubrir ficha</p> <p>8.- Orientación Positivos (orientación, derivación, informes, apoios) → Dubidosos → Negativos →</p>	<p>Educador/a Educador/a+Titor/a 1 h. Unidade 1 ou 2 1 h. Unidade 3</p> <p>Director/a Derivación AV Seguimento e apoio</p>

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 3 Semana 1</p>	<p>Ídem</p>	<p>Ídem</p>
<p>Semana 2</p>	<p>Ídem</p>	<p>Ídem</p>
<p>Semana 3</p>	<p>Observación dos/as educadores/as</p> <p>Grupo F (elixido polos/as educadores/as)</p> <p>Continuación Cribado (ASQ) 2 nenas/os do grupo detectado no PEDS ou educadores/as 1-2 das Unidades 1 ou 2 1-2 da Unidade 3 Etc.</p> <p>8.- Orientación Etc.</p>	<p>Ídem</p>
<p>Semana 4</p>	<p>Ídem</p>	<p>Ídem</p>

Data	Actividade	Participan
<p>Mes 4 Semana 1</p>	<p>9.- Cribados para a certificación do curso 2 cribados a iniciativa educadores/as Pasar cuestionario ASQ Supervisión-Titoría Puntuación Cubrir ficha</p>	<p>Educador/a Educador/a+Titor/a</p>
<p>Semana 2</p>	<p>10.- Entrevista de despedida Grupo focal 2º cribado 7-10% nenas e nenos risco= 3-4</p>	<p>Director/a Educador/a Titor/a</p>
<p>Semana 3</p>	<p>11.- Devolución ás familias Entrega informes e enquisas avaliación 12.- Memoria Elaboración de memorias e enquisas de avaliación</p>	<p>Director/a Educador/a Titor/a</p>



DETALLE DA ETAPA PRESENCIAL

ENVÍO DE MATERIAIS ÁS ESCOLAS

A Comisión Técnica de AGAT enviaralles a todas as escolas infantís participantes no programa un conxunto de materiais antes do inicio de cada quenda

Quenda A: entre o día 1 e o día 24 de xullo de 2007

Quenda B: entre o día 1 e o día 23 de decembro de 2007

Quenda C: entre o día 1 e o día 24 de xullo de 2007

- Cartel informativo do programa *a_tempo*
- Díptico explicativo ás familias
- A4 formulario de consentimento informado (Mod. F1)
- PEDS A4 formulario de respostas
- PEDS A4 formulario de puntuación e interpretación
- PEDS A4 caderno de administración
- ASQ A4 xogo de cuestionarios e actividades (caderno espiral)
- ASQ CDROM – xogo de arquivos PDF con 19 cuestionarios e 7 follas de actividades
- ASQ A5 caderno de administración
- Carpetas para expedientes *a_tempo*
- Listas con numeración correlativa para rexistro de participantes (Mod. L1)
- Listas con numeración correlativa para rexistro de cribado (Mod. L2)
- Fichas de Identificación Individual (Mod. N1)
- Fichas de memoria (Mod. M1, M2, M3)
- Sobres abertos para as familias cos seguintes documentos:
 - Díptico explicativo ás familias
 - A4 formulario de consentimento informado
 - PEDS A4 formulario de respostas
 - Carta de convocatoria á reunión para as familias (Mod. F2)
- Carta de comunicación de resultados + ás familias (Mod. F3)
- Carta de comunicación de resultados – ás familias (Mod. F4)

REXISTRO DAS FAMILIAS NO PROGRAMA

A participación das familias no programa é voluntaria e realizarase logo do asinamento do consentimento informado para a realización das probas de cribado.

Ao inicio de cada quenda o/a director/a da escola decidirá onde vai ter lugar a reunión informativa de familias, completará a carta de convocatoria e introducirá un exemplar de dita carta nos sobres abertos para as familias.

Simultaneamente realizará na listaxe prevista (Mod. L1) unha relación nominal e correlativa dos nenos e nenas que se van inscribindo na escola nos grupos designados e, a continuación, irá informando e entregándolle a cada familia das unidades seleccionadas un sobre que conteña:


- un díptico informativo
- un A4 de consentimento informado (Mod. F1)
- unha carta de convocatoria a unha reunión informativa (Mod. F2)
- un formulario de respostas PEDS

PRESENTACIÓN NA ESCOLA

Terá lugar con motivo da formación do grupo escolar para cada quenda (ver etapa preparatoria).

ORGANIZACIÓN DE MATERIAIS

1. Despois da presentación, o/a titor/a comproba que a lista de material antes relacionada (pax. 27) está na escola infantil.
2. Solicítalle á dirección da escola a relación numerada e nominal (Mod. L1) coas datas de nacemento das nenas e dos nenos de cada unidade que van a participar na quenda [Normalmente o redor de 8 (0-1), 13 (1-2) ou 20 (2-3)]. No caso de que aínda haxa prazas libres completa a relación numerada ata a previsión de prazas da unidade (8, 13 ou 20) para completar máis adiante esta relación provisional cos datos nominais reais.
3. Colle as **carpetas para expedientes a_tempo** e na caixiña correspondente pon os números correlativos cos da lista previa que identifican (ou identificarán) a cada carpeta con cada nena ou neno da citada lista.



4. Cubre as caixiñas que identifican a escola infantil (as tres primeiras a esquerda) co seu código correspondente:

G01 CHAMORRO G02 CATABOIS G03 ELVIÑA G04 VENTORRILLO G05 OZA G06 SUSANA G07 AS MARIÑAS G08 VITE	G09 PURIFICACION G10 DO CAMPO G11 S CORAZON G12 PARADAY G13 CELEIRO	G14 AFARIXA G15 ANTELA G16 COVADONGA	G17 MARIN G18 CAMPOLOGO G19 O TOXO G20 MARISMA G21 RELFAS G22 ROSALIA G23 CABRAL G24 BOUZAS G25 A ESTRELA
--	---	--	---

5. Cubre as caixiñas que identifican a quenda (A, B, C) e a Unidade (1, 2, 3) e a data de nacemento da nena ou neno (formato: dd/mm/aaaa). Se aínda non ten este dato xa o cubrirá máis adiante.

6. A continuación transfírelle os datos seguintes á Ficha Individual de Identificación:

- Data de nacemento
- Quenda
- Escola
- Unidade
 - 0-1 (1)
 - 1-2 (2)
 - 2-3 (3)

Na **Ficha Individual de Identificación** constarán todas as instrucións de uso.

7. Mete en cada expediente **a_tempo**:

- 1 ficha de identificación Individual
- 1 díptico explicativo ás familias
- 1 PEDS A4 formulario de puntuación e interpretación

REUNIÓN COAS FAMILIAS

A elección do local para a reunión coas familias, se é distinto da propia escola, faise dende a escola infantil.

A reunión coas familias comeza cunha introdución do/a director/a da escola. O/a titor/a explica o programa **a_tempo** (guión PPT), o carácter de programa aínda en probas e a petición de colaboración e participación das familias.

Dedicará unha parte específica a explicar como cubrir o **formulario de respostas PEDS** e ofrecer a oportunidade de axudar a cubri-lo.

Expoñerá a importancia da observación das familias e dos/as educadores/as, como durante o trimestre se pode facer algunha proba complementaria (ASQ) e como, así mesmo, ao final do trimestre se lles entregarán as familias os resultados das probas realizadas.

RECOLLIDA DOS FORMULARIOS PEDS

8. Terá lugar durante todo o mes inicial da quenda, e o prazo rematará o último día do mes. Os formularios cubertos polas familias serán arquivados no seu expediente respectivo.

PUNTUACIÓN DOS FORMULARIOS PEDS

9. Puntuación e clasificación. Ao finalizar a recollida dos formularios de respostas PEDS, o/a director/a e o/a titor/a cubrirán o **formulario de puntuación e interpretación** seguindo as instrucións contidas no **caderno de información e administración PEDS**. Desta puntuación e interpretación resultará a seguinte agrupación dos nenos e nenas:

- A
- B
- C
- D
- E

10. Listaxe para cribado ASQ. Todas as nenas e nenos dos grupos A e B serán incluídos, por orde de grupo (A, B) e por orde de nacemento nunha relación nominal de participantes para o cribado ASQ (Mod. L2) que se lle comunicará ao/á educador/a. **Esta lista completárase máis adiante coa lista de nenos e nenas que propoña o/a educador/a da unidade** e que dispoñan de consentimento informado ata completar un mínimo de 12. En todo caso, **na relación deberá estar calquera nena ou neno que suscite preocupación no/a educador/a**.
11. Expediente. Cada formulario de puntuación e interpretación será incluído no expediente de cada nena ou neno.
12. Ficha individual. Os resultados obtidos por todos os nenos e nenas serán inscritos na ficha individual de cada unha delas (apartado PEDS).

FAMILIARIZACIÓN

13. Familiarización nas Unidades. O/a director/a, educadores/as e titores/as organizarán a continuación de mutuo acordo o proceso de familiarización dos/as titores/as cos nenos e nenas nas distintas unidades que participan na quenda. Con ese obxectivo resérvanse dúas horas por unidade para cada titor/a.

FORMACIÓN E USO DOS CUESTIONARIOS ASQ

14. Ao longo das seguintes semanas os educadores/as e titores/as cubrirán os cuestionarios ASQ seguindo as instrucións que constan nun caderno aparte (caderno de administración ASQ).
15. Os cuestionarios serán cubertos e puntuados en primeira instancia polo/a educador/a no momento e na situación que elixa e lle resulte máis conveniente. Como mínimo cada educador/a cubrirá e puntuará 1 cuestionario cada semana.

16. Cada semana, o/a titor/a visitará a escola e revisará en común co/a educador/a os cuestionarios correspondentes, en presenza da nena ou neno.
17. Puntuación. Unha vez puntuado o cuestionario, en segunda instancia, polo/a educador/a e o/a titor/a, levaranse os resultados á ficha individual de cada nena ou neno, e esta información transmitiráselle ao/á director/a da escola, que asinará igualmente a ficha individual de identificación e transmitirlle, no seu momento, os resultados á familia (*Mod. F3 e Mod. F4 – ver máis adiante*).
18. Expediente. Os cuestionarios e os formularios de puntuación ASQ serán arquivados no expediente. O/a titor/a enviaralle unha das tres copias do formulario de puntuación ASQ á Comisión Técnica do programa ao finalizar a quenda e identificará esta copia co número do expediente. A segunda copia será arquivada polo/a director/a na escola e a terceira polo/a titor/a para a súa memoria. Estas copias serán destruídas á finalización do programa no ano 2009.
19. Certificación. Os/as educadores/as asumirán as tarefas de administración e puntuación de forma progresiva ata facerse cargo do total da proba. Esta capacitación será certificada polo/a titor/a do curso.

DEVOLUCIÓN AS FAMILIAS

20. Positivos. No caso de que se detecte un positivo o/a director/a comunicarllo á Comisión Técnica do programa, entregaralle á familia a carta informativa (Mod. F3) e propoñerlle unha avaliación polos recursos que teña por costume utilizar na súa práctica cotiá e no seu ámbito, segundo o tipo de problema detectado: a propia escola, unidade de atención temperá, unidade de saúde mental infanto-xuvenil, equipo de pediatría de atención primaria, equipo psicopedagóxico, equipo de valoración e orientación, unidade de traballo social, etc. A derivación realizarase sempre de común acordo e a través da familia. Entregaráselle á familia unha **copia do cuestionario ASQ e das puntuacións obtidas**.
21. Negativos. Os/as educadores/as e o/a director/a da escola entregaranlles ás familias a carta informativa (Mod. F4) na que se dea conta dos resultados das probas e co agradecemento á súa colaboración.

INICIO DA AVALIACIÓN

22. Ao remate da quenda o/a director/a, os/as educadores/as e o/a titor/a recollerán as súas experiencias e reflexións no seu respectivo formulario de memoria. Realizarán así mesmo, unha reunión de grupo co obxectivo de avaliar o protocolo para sinalar, de xeito xerarquizado e como grupo, os problemas e as vantaxes principais da experiencia realizada. O/a titor/a recollerá estas conclusións na documentación final que lle entregue á Comisión Técnica.
23. Dentro do proceso de avaliación inclúese a redacción, conforme a un guión preestablecido dunha memoria (Mod. M1, M2, M3) por parte de cada membro dos grupos profesionais.
24. Nesta etapa final distribuiránselles ás familias e aos/ás educadores/as as enquisas de avaliación que proporcionará no seu momento a Comisión Técnica do programa.

ANEXOS

LISTAXE DE PARTICIPANTES

Escola [] Quenda [] Unidade []

Listaxe de nenas e nenos participantes no programa *a_tempo*

Número	Nome	Data de nacemento
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		
21		
22		



Estimada familia

A Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración con AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá) vai poñer en marcha e probar ao longo deste curso un **programa de detección precoz** nas escolas infantís, **o programa a_tempo**.

O programa ten como obxectivo facilitar a colaboración e a comunicación entre as familias e as escolas infantís, organizar mellor a atención das súas dúbidas ou preocupacións e atender máis eficazmente calquera dificultade que poida xurdir no desenvolvemento da nena ou do neno.

Con ese fin seleccionamos dous instrumentos xa acreditados internacionalmente: o cuestionario PEDS (para familias) e o cuestionario ASQ (para educadores/as e familias) pero que aínda non foron utilizados en Galicia nin no resto do Estado.

O programa tratará de comprobar se ao cubrir o **formulario de respostas PEDS**, adxunto a este díptico, e ao tratar de reflectir aqueles aspectos do desenvolvemento da súa filla ou fillo que máis lles interesa ou preocupa, vostedes proporcionan unha información que vai ser moi relevante para os/as educadores/as.

Viceversa, o programa vai estudar se a utilización do **cuestionario ASQ** polos/as educadores/as facilita as súas observacións, a comunicación con vostedes e a detección precoz de dificultades no desenvolvemento.

Ao finalizar ó trimestre recibirán unha **folha de avaliación** cos resultados obtidos. Estes, como corresponde a probas de cribado, serán orientativos pero non diagnósticos. Así mesmo entregaraselles unha folha para que vostedes xulguen o interese que tivo o programa para a súa familia.

Calquera información que vostede proporcione será confidencial e tratada conforme a vixente Lei de Protección de Datos.

Pode ter mais información do programa na páxina web <http://www.atempo.com.es> ou na propia escola infantil.

Se xa decidiron participar no Programa, por favor, cubran coidadosamente o **formulario de respostas** que vai adxunto, e entrégueo na escola en calquera momento no curso do presente mes.

Se aínda teñen vostedes calquera dúbida ou necesitan máis información persoal acudan á **reunión informativa de nais e pais** que será convocada oportunamente pola súa escola.

CONSENTIMENTO INFORMADO



Eu _____
 (Nome da nai, pai ou titor legal)

manifesto que estou informado/a sobre os beneficios que podería supoñer que no marco do programa **a_tempo** se realicen probas de cribado do desenvolvemento durante os cursos 2007 ou 2008 ao/a meu/miña fillo/a:

 (nome da filla ou fillo)

Fun informado/a dos posibles prexuízos que pode supoñer para a saúde e o benestar do/a meu/miña fillo/a a realización das anteditas probas de cribado.

Tamén fun informado de que os nosos datos persoais serán protexidos e incluídos en arquivos que estarán sometidos e contarán coas garantías da lei 15/1999 de 13 de decembro.

Tomando todo isto en consideración, **OUTÓRGOLLE** o meu **CONSENTIMENTO** á Secretaría Xeral da Igualdade e á Asociación Galega de Atención Temperá para que o/a meu/miña fillo/a _____ participe nas citadas probas.

Tamén **OUTORGO** o meu **CONSENTIMENTO** para participar nestas probas cubrindo os formularios de respostas ou de avaliación que me entreguen e devolvéndooos o antes posible e a que a información obtida sexa utilizada para cubrir os obxectivos especificados no Proxecto **a_tempo**.

Sinatura do/a nai/pai ou titor/a legal _____

Data _____



Estimada familia:

Pola presente convocámosvos á xuntanza que, co obxecto de informar sobre o programa **a_tempo** de detección precoz nas escolas infantís, celebraremos o vindeiro día

.....
.....
.....

E na que contaremos coa presenza do/a titor/a do programa.

Agradecemos a vosa participación e puntualidade.

Asdo.

Director/a da Escola

CARTA INFORMATIVA DE RESULTADOS (+) OS PAIS



Estimada familia:

Grazas por participar nas probas de cribado do Programa **a_tempo** que vén desenvolvendo a Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá nas diferentes escolas de Galicia que dependen da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Os primeiros 3 anos da vida son moi importantes cara ao futuro e por iso o interese de realizar probas de cribado que permitan facer un seguimento da evolución dos nenos e nenas.

Adxunto remitímolle unha copia dos resultados obtidos polo/a seu/súa fillo/a _____ nos cuestionarios PEDS e ASQ.

Como pode ver, o cuestionario ASQ non é un test nin un diagnóstico. Describe as actividades que fan habitualmente as nenas e os nenos a certas idades polo que vostedes poderán achegar a súa experiencia sobre a súa realización por parte do/a seu/súa fillo/a.

Segundo a interpretación do cuestionario ASQ que lle mandamos, feita dende esta escola, identifícase que _____ nalgúns aspectos non realiza as mesmas actividades que os nenos ou nenas da súa idade, polo que pode haber algunhas dificultades no desenvolvemento e sería conveniente que nos chamasen ou acudisen á escola para ter unha entrevista en canto lles sexa posible.

Coa súa participación neste programa vostedes están axudando a mellorar a calidade desta escola e o desenvolvemento do/a seu/súa fillo/a.
Grazas

Asdo.

Director/a da Escola

CARTA INFORMATIVA DE RESULTADOS (-) OS PAIS



Estimada familia:

Grazas por participar nas probas de cribado do Programa **a_tempo** que vén desenvolvendo a Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá nas diferentes escolas de Galicia que dependen da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Os primeiros 3 anos da vida son moi importantes cara o futuro e por iso o interese de realizar probas de cribado que permitan facer un seguimento da evolución das nenas e dos nenos.

Adxunto remitímoslle unha copia dos resultados obtidos polo/a seu/súa fillo/a _____ nos cuestionarios PEDS e ASQ.

Como pode ver, o cuestionario ASQ non é un test nin un diagnóstico. Describe as actividades que fan habitualmente as nenas e os nenos a certas idades polo que vostedes poderán achegar a súa experiencia sobre a súa realización por parte do/a seu/súa fillo/a.

Segundo a interpretación do cuestionario ASQ que lle mandamos, feita dende esta escola, identifícase que _____ está a se desenvolver dun xeito semellante a outros nenos e nenas da súa idade, e progresa dun xeito adecuado.

Coa súa participación neste programa vostedes están axudando a mellorar a calidade desta escola e o desenvolvemento do/a seu/súa fillo/a.
Grazas

Asdo.

Director/a da Escola



Notas

* O modelo N1 A4 ficha individual de identificación figura en documento adxunto.

* Os modelos M1, M2, M3, para a realización das memorias achegaranse máis adiante así como as enquisas para avaliación.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



agat
asociación galega
de atención temperá

Tif.: 691448981 / 691448982 / 691448983
agat@atenciontemprana.com
www.atempo.com.es